



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I05MP	
Código de verificación  6Q5O 2I69 3A2E 2U3S 0WZ7	Expediente 108/2023/841	
	Data 28-05-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 28 de maio de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Deixar sen efecto a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de arquitecto/a superior, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A1), aprobada por Resolución, do 10/12/2021, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, da concelleira delegada de Facenda e Administración do 20/06/2018 (BOP núm. 144 do 31/07/2018) e modificada mediante Resolución do 02/10/2018(BOP núm. 202 do 23/10/2018) e a listaxe de persoal funcionario interino aprobada por Resolución do, 06/05/2021, do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, derivada do proceso selectivo convocado para a elaboración de listaxes de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de arquitecto/a superior (subgrupo A1) por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 10/11/2020.

En aplicación da previsión establecida no artigo 2.6 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, en caso de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de arquitecto/a superior (subgrupo A1), por non existir persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento, poderase utilizar a lista de agarda anterior, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

Segundo.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de arquitecto/a superior, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A1), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 08/05/2023, do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (BOP núm. 90 do 12/05/2023), nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Notas 3º exerc.	TOTAL
1	MARÍA ISABEL GONZÁLEZ BLANCO	***1860**	24,33	38,75		63,08
2	MARÍA LABRADOR GARCÍA	***1335**	15,92	25,00	10,51	51,43
3	FÁTIMA SOUTO DOMÍNGUEZ	***6016**	15,33	25,00	10,76	51,09



Concello da Coruña

4	MARÍA LUEIRO GARCÍA	***7719**	23,42			23,42
5	INÉS FERNÁNDEZ ABAD	***3807**	21,67			21,67
6	MARÍA DE LA CRUZ LOUZAO PERNAS	***0785**	21,50			21,50
7	MANUEL PUEYO VARELA	***1684**	20,75			20,75
8	ANA MARÍA ORTIZ DE COSCA CAO	***4873**	20,17			20,17
9	ANA LÓPEZ DURANGO	***1915**	20,08			20,08
10	SANTIAGO RAMOS RODRÍGUEZ	***5017**	19,17			19,17
11	MÓNICA GARCÍA MALLO	***4686**	18,92			18,92
12	JOSÉ RAMÓN HERVELLA GÓMEZ	***7725**	18,42			18,42
13	ALBERTO RUIZ VALENCIA	***0836**	18,25			18,25
14	SABELA GARCÍA LORENZO	***8455**	17,67			17,67
15	MARÍA DEL PILAR SALVADOR POTENTE	***4598**	17,00			17,00
16	GEMA BARRAL RODRÍGUEZ	***9346**	16,67			16,67
17	ALMUDENA SÁNCHEZ FERNÁNDEZ	***4156**	16,33			16,33
18	SANDRA GESTAL RODRÍGUEZ	***6505**	16,00			16,00
19	CRISTINA NÚÑEZ FRESCO	***8698**	15,92			15,92
20	JORGE BRANDARIZ BLANCO	***0871**	15,92			15,92
21	ZARA MARÍA VILLAVARDE PENA	***1937**	15,33			15,33
22	LUCÍA SOBRAL VIÑAS	***1825**	15,00			15,00

Terceiro.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada